

Estimados pais e nais:

As titoras de catro anos e os especialistas do nivel estivemos falando deste tema en canto se tomaron as medidas de confinamento impostas polo Goberno. Todos coincidimos no mesmo pensamento; estamos nunha situación excepcional onde moitas familias o están a pasar mal por cuestións de traballo, económicas, familiares, etc., etc. Polo tanto, dende o noso parecer consideramos que o que menos debíamos facer era agobiar ás familias con cuestións académicas. En primeiro lugar porque a educación infantil é un nivel non obrigatorio, e segundo porque o que máis se traballa neste nivel non son cuestións conceptuais como en primaria, senón de carácter global: emocións, valores, principios, normas de convivencia, socialización, respecto polos demais, empatía, etc. Tamén traballamos algúns conceptos, pero en menor cuantía.

Debido a todo isto, na páxina web do cole o que se subiu foron distintas actividades e apps para traballar de xeito voluntario, como unha axuda virtual por se queriades entreter deste xeito aos vosos fillos.

Entendemos a vosa preocupación porque os alumnos están na casa sen recibir a formación que lle dispensamos diariamente os mestres, pero estade tranquilos. Non van perder a universidade; estamos en infantil e aínda quedan moitos cursos por diante. Este curso escolar é algo excepcional como comentaba ao principio da mensaxe, tivemos clases de xeito normal ata mediados de marzo e dadas as circunstancias non sabemos cando voltaremos ás aulas. É evidente que neste tempo no que estamos nas casas non podemos adiantar materia académica, pois non hai clases presenciais que permitan que todos os alumnos teñan as mesmas oportunidades. Sen embargo e sen ningún tipo de obriga pola vosa parte, os que teñades tempo e ganas podeades afianzar cos vosos fillos os conceptos aprendidos ata estas datas. Ata a data de confinamento o que se traballou neste curso foron, moi a grandes rasgos, os seguintes contidos:

- A lecto-escritura das 5 vocais
- A representación gráfica dos números do 1 ao 6 e a súa correspondencia coas cantidades que representan e conceptos de máis, menos, igual....
- A alimentación saudable
- As cores primarias e a mestura dalgunhas delas para a formación doutras cores
- As seriacións

É imposible plasmar aquí todo o que se trata nun aula diariamente durante 5 horas.

Como comentamos é unha ensinanza globalizada que dentro das vosas particularidades podeades afianzar na casa mediante actividades diversas que se realizan nos fogares. Por exemplo, se vos axudan a poñer a mesa que contabilicen cantas culleres, garfos, pratos, vasos... Cantos son, se hai máis, menos ou igual ca onte... Poden practicar a escritura das letras aprendidas tanto en maiúsculas como en minúsculas, poñer o seu nome, colorear, etc. Non cremos que sexa conveniente marcar tempos pois aínda que os vosos fillos non comenten nada, se é que non o fan, eles tamén están preocupados á súa maneira pola situación na que nos atopamos e, agora mesmo, o proceso de aprendizaxe debe de ser algo moi lúdico que non os agobie máis.

Polo tanto, as nosas recomendacións son que estean entretidos, que non teñan medos e agobios por facer traballos e traballos de aula. É mellor que repasen o que aprenderon ata o de agora, dun xeito voluntario e sen forzalos, e que se sintan acompañados dentro do posible con actitudes positivas.

Insistimos en que non vai pasar nada co seu proceso de ensinanza-aprendizaxe, xa que o ano que ven imos reforzar o traballado deste ano.

Un saúdo, ánimo e forza para todos, e pensade que **xuntos podemos vencer este virus!**